

ROTEIROS VERDES DA USC

“Unha volta ao mundo coas árbores”



Coordinación: M^a Isabel Fraga Vila

Autores: Celestino Quintela Sabarís
Martín Souto Souto
Francisco Leonardo Docanto
Xan Guerra Bouzas

Museo de Historia Natural
Universidade de Santiago de Compostela

Xuño, 2008

D.L.: C 4587-2008
ISBN: 978-84-691-8188-1

© Museo de Historia Natural



En amarelo área do roteiro

ROTEIRO 2: Unha volta ao mundo coas árbores



- 1 Cedro do Himalaia
- 2 Ameixeira xaponesa
- 3 Camelia
- 4 Xinkgo
- 5 Ciprés dos illós
- 6 Liquidámbar
- 7 Falsa acacia
- 8 Pitósporo de follá fina
- 9 Melaleuca
- 10 Acacia negra
- 11 Acivro
- 12 Faia
- 13 Acifeira

● Asia
● América
● Oceanía
● Europa

Museo
Historia Natural

Roteiro 2- “Unha volta ao mundo coas árbores”

Neste roteiro desenvolveremos unha viaxe no espazo e no tempo, acompañando a comerciantes e descubridores, para coñecer como o contacto con rexións e culturas afastadas serviron para que os nosos xardíns se fosen enriquecendo con plantas traídas de diferentes continentes. Ademais, empregaremos os xardíns do Campus Sur da USC como unha xanela desde a que podemos albiscar, ao tempo que paseamos, unha parte da diversidade vexetal que existe no mundo.

Asia: seda, té, especias e flores.

Desde épocas antigas existiu un comercio de Europa co mediterráneo oriental, que co avance do tempo, e especialmente desde o Renacemento, se foi expandindo cara o leste chegando até a India e China. Tanto pola vía terrestre (a través da Ruta da Seda) como por mar (as rutas comerciais que abriron os portugueses rodeando África e logo a través do Índico), os comerciantes e descubridores procuraban produtos moi apreciados, como a seda ou as especias.

Alén destes bens comerciais, desde Asia trouxéronse diversas especies de plantas ornamentais, algunhas das cales adoita ser considerada propia de Galicia, debido ao tempo que levan connosco.

Cedrus deodara (cedro do Himalaia): **o cedro chorón.**



Este cedro, orixinario de Afganistán e noroeste do Himalaia, distínguese dos outros cedros presentes nos nosos xardíns (*Cedrus atlantica* e *Cedrus libani*) por ter as pólas novas colgantes. Á parte do seu interese como ornamental (pode acadar os 60 m de altura), a súa madeira tense empregado na construción (postes, vigas, travesas) e en carpintería de luxo.



***Prunus cerasifera* 'Pissardii' (Ameixeira xaponesa): de Persia a Europa.**



Estamos ante unha variedade de cultivo do *Prunus cerasifera* procedente de Crimea, península balcánica e sueste de Asia. É unha arboriña con gran valor ornamental, pois as súas flores (branco-rosadas) agroman de xeito espectacular antes das follas, e logo as follas púrpuras danlle un toque de cor aos xardíns até o outono. O nome da variedade fai referencia a Pissard, xardineiro do Sha de Persia que a introduciu por primeira vez en Francia. Cos seus froitos faise marmelada.

***Camellia japonica* (camelia xapoeiro): a raíña dos xardíns.**



Este arbusto, considerado por moitos como galego, é na realidade orixinario de Xapón e Corea. Foi empregado en xardinaría desde moi antigo, de xeito que na actualidade se coñecen máis de 2000 variedades ornamentais. Do mesmo xénero que o té, das súas sementes extráese un aceite (*tsukabi*) que empregan as xaponesas para unxir o cabelo.

***Ginkgo biloba* (xinkgo): un fósil vivinte.**



O xinkgo, orixinario do leste da China, aínda que é moi diferente de piñeiros ou alciprestes, tamén pertence ao grupo das ximnospermas. É a única especie que persiste na actualidade da familia Ginkgoaceae e considérase un auténtico fósil vivinte porque os exemplares actuais son idénticos aos que xa existían no terciario. Outras especies desta familia, na actualidade extintas, foron importantes especies forestais durante o xurásico e o cretáceo. As sementes, asadas ou cocidas, consúmense en China e Xapón. Ademais, toda a planta ten propiedades medicinais.

América: prata, cacao e outras herbas.

O proceso de colonización de América e a apertura de rutas comerciais con este continente fixo posíbel a chegada a Europa de novas especies vexetais que viñeron a enriquecer tanto a nosa cociña (o millo, os tomates ou os pementos son de orixe americana) como os nosos xardíns (por exemplo, a pataca foi traída orixinalmente como unha planta ornamental).

A adaptación das plantas americanas ao clima europeo foi diversa; por unha banda, as plantas de climas temperados e similares ao noso non tiveron gran problema en medrar e reproducirse no vello continente (caso da robinia, *Robinia pseudoacacia*), mais as plantas de orixe tropical tiveron máis problemas de adaptación. A constitución dunha rede de xardíns botánicos en toda Europa permitiu crear lugares de aclimatación de especies exóticas que logo se difundiron polos xardíns europeos.

En Galicia os emigrantes retornados das Américas foron unha fonte de novos estilos na arquitectura (abonda lembrar as características casas de estilo colonial), mais tamén foron unha fonte de novas plantas ornamentais para os nosos parques e xardíns, como por exemplo as diversas especies de araucarias. Entre outras especies americanas, no Campus Sur podemos ver exemplares de:

Taxodium distichum (Ciprés dos illós): **amigo da auga.**



Esta especie é unha das poucas ximnospermas de follas caducas. Pódese atopar de xeito silvestre en zonas pantanosas do sueste dos Estados Unidos. A súa madeira, lixeira e doada de traballar, é moi empregada en EUA como madeira estrutural na construción de casas e de buques. É das mellores madeiras para facer bocois.

***Liquidambar styraciflua* (Liquidámbar): cores no outono.**



Esta árbore é propia do leste dos Estados Unidos e México. Ten as follas caducas, moi semellantes ás dos pradairos. No outono adquiren diferentes tonalidades, desde o amarelo e vermello até o púrpura, sendo por isto unha planta ornamental moi apreciada. Da súa codia obtense unha resina aromática (estoraque) con usos en perfumaría e para a pel. A súa madeira é importante tanto para a ebanistaría, contrachapados, tarimas...

***Robinia pseudoacacia* (Falsa acacia): flores na sopa.**



Esta leguminosa foi traída a Francia da súa área orixinal (centro e leste de Estados Unidos) en 1601. É unha árbore caducifolia de flores brancas e aromáticas que se dispoñen en acios colgantes. Estas flores son comestíbeis, aínda que toda a planta é tóxica. A maioría dos edificios de Boston (século XVIII) estaban feitos da madeira da robinia, moi dura e resistente. Os indios de Norteamérica empregaban na súa alimentación un aceite obtido das semente desta planta.

Oceanía: unha fonte de cambios para Galicia.

Este continente foi o último que atoparon e colonizaron os países europeos (por volta de finais do século XVIII). Aínda así, desde Australia e Tasmania chegaron especies que, introducidas inicialmente como ornamentais nos nosos xardíns, arestora son doadas de encontrar como silvestres, ou mesmo cultivadas en grandes superficies no noso país. Aínda que as especies australianas máis coñecidas en Galicia son o eucalipto ou a mimosa, no noso percorrido veremos:

***Pittosporum tenuifolium* (Pitósporo de folla fina): flores melosas**



Esta arboriña perennifolia ten a súa área orixinal en Nova Zelandia. É menos habitual en cultivo que o loureiro australiano (*Pittosporum tobira*). Ten pequenas follas de marxes onduladas. As flores, de arrecendo a mel, son púrpuras, moi pequenas e poden agruparse en pequenos ramalletes.

***Melaleuca armillaris* (Melaleuca): flores en brazaletes.**



Procedente do leste e sur de Australia, as follas desta arboriña (lineares ou moi estreitamente elípticas) son moi semellantes ás das ximnospermas. As flores, con longos estames de cor branca-amarelada, agrúpanse formando inflorescencias semellantes a cepillos limpabotellas.

***Acacia melanoxylon* (Acacia negra): falsas follas.**



Esta árbore é unha leguminosa orixinaria de Australia. As súa follas carecen de limbo e os pecíolos están transformados en filodios lanceolados, máis ou menos curvos. Pode vivir até 100 anos. En Galicia, compórtase como planta invasora logo dos incendios forestais, e en certas áreas da nosa xeografía compite cos eucaliptos formando masas monoespecíficas moi mestas.

As plantas de Europa: estrañas na súa terra.

***Ilex aquifolium* (Acivro): un tesouro para as aves.**



O acivro é un arbusto perennifolio de follas ríxidas e bordes máis ou menos espiñosos. É unha especie dioica, e as femias producen unhas bagas vermellas ou amarelo vivo, que en zonas de montaña representan unha das poucas fontes de alimento para as aves no inverno. A súa madeira, moi dura, emprégase en ebanistería e como combustible. Aínda que ten múltiples usos medicinais (emético, antigripal...), hai que ter coidado cos froitos, xa que son tóxicos.

***Fagus sylvatica* (Faia): a boa sombra.**



Aínda que aparece en Galicia nas montañas da zona oriental, esta árbore é propia de zonas máis frías do centro e oeste de Europa. É moi ramificada e cunha follaxe densa, aínda que caducifolia, que fai que o interior dos bosques de faias sexa no verán escuro e fresco. Dos seus froitos extráese un aceite empregado na cociña no norte de Europa. A súa madeira é moi usada para facer móbeis. A codia ten propiedades febrífugas. Outra especie autóctona habitual dos montes galegos, empregada a cotío en xardinaría.

***Quercus ilex* (Aciñeira): o Mediterráneo en Galicia.**



Árbore propia do contorno da rexión mediterránea, en Galicia atópase na zona sur e nas montañas orientais, case sempre asociada a afloramentos calcarios. As landras empregáronse para a alimentación humana, aínda que o seu principal uso é como alimento do gando porcino. A leña é moi utilizada como combustible. A codia, rica en taninos, adoitábase empregar nas curtidoiros.